



# asociación pola defensa da ría

## CARTA ABERTA A RAFAEL DOMÍNGUEZ

Sr. Domínguez,

Na Asociación Pola Defensa da Ría de Pontevedra (APDR), temos lido as opinións que Vde., coma candidato á alcaldía de Pontevedra polo Partido Popular, verte sobre ENCE nun xornal de tirada galega, opinións coas que, por non responder á realidade, non podemos concordar.

No que ao tema de ENCE se refire, límitase Vde. a repetir as mesmas consignas que o PP vén repetindo desde hai moitos anos, as mesmas frases valeiras coas que ENCE tenta convencer á cidadanía das súas supostas bondades para contrarrestar a realidade dunha posición maioritaria contraria á súa permanencia nun lugar onde -todo o mundo o admite xa- non debeu estar nunca; porque neste tema, ENCE dita a política do seu partido, que se limita a actuar como representante ou valedor submisivo das esixencias empresariais.

Di Vde., Sr. Domínguez, que “a día de hoy, Ence cumple con todas las normativas gallegas, nacionales y europeas, que son muy estrictas”, e engade a continuación que “en este momento, no hay ningún criterio más que el político para que se vaya de la Ría”. Perdoe que lle diga que iso é literalmente falso, e que afirmacións como esa, só se poden realizar desde a absoluta ignorancia ou, simplemente, desde posicións interesadas na defensa dos privilexios da empresa por riba do ben común e dos dereitos da maioría. Semella que descoñece Vde. o concepto de “augas residuais urbanas” para a lexislación europea (e a española!), e mesmo que os vertidos de ENCE teñen esa natureza; e non porque o digamos nós, é a Unión Europea quen o di: **Si las aguas residuales de la fábrica de pasta de papel se vierten a través de una instalación de tratamiento de aguas residuales urbanas, se aplicarán las disposiciones de la Directiva 91/271/CE, sobre el tratamiento de las aguas residuales urbanas.** Agás que Vde. poña en dúbida que ENCE verte á Ría polo tubo emisario da EDAR de Os Praceres ou que o amentado emisario fai parte das instalacións de tratamento de augas residuais urbanas de varios Concellos da Ría, recoñecerá a evidencia. Pois ben, os vertidos de ENCE incumpren esta Directiva (unha desas normativas europeas “estrictas” de aplicación aos seus vertidos!) ao superar en multitude de ocasións os límites establecidos nela para DQO, SS e DBO; e debo dicirlle tamén que os límites fixados pola Xunta de Galicia na AAI da fábrica de pasta de papel para estes parámetros, son moito máis permisivos que os establecidos na lexislación comunitaria. E, por se isto non fose suficiente, direille tamén que os vertidos de ENCE teñen unha elevadísima carga de contaminación microbiolóxica. Quero pensar que Vde., pola súa formación universitaria, terá coñecementos de microbioloxía e saberá entender que -a diferenza do que pensan moitos dos seus correligionarios- as bacterias coliformes teñen diversos habitats e nichos ecolóxicos, e que moitos destes coliformes (incluídos os denominados “fecais”) teñen nas condicións de produción de ENCE, cunha elevada carga en materia orgánica e temperatura, as condicións ideais para proliferaren de xeito exponencial.

Así pois, non se pode afirmar -como fai Vde.- que “en este momento el problema de la Ría no es ENCE y lo sabe todo el mundo”, sinxelamente porque non é certo! Porque, xunto a moitos outros problemas (a situación das redes separativas, a incompleta depuración dos vertidos domésticos ou a realización de recheos ilegais no porto de Marín, entre outros) os vertidos de ENCE-ELNOSA seguen sendo un importantísimo foco de contaminación das augas da Ría.

E todas estas afirmacións, Sr. Domínguez, sópórtanse en datos oficiais, datos en poder da APDR e que poderíamos discutir con Vde. se o estima oportuno.

E aínda que non imos entrar no tema dos postos de traballo que xera a empresa, débémolle dicir que semella algo esaxerado falar de “muchísimos puestos de trabajo fijos”, porque a realidade é ben distinta e



## asociación pola defensa da ría

ENCE segue destruindo empregos na propia fábrica; abonda con dicir que -cos datos de ENCE na man-pasou dos 600 iniciais aos apenas 300 existentes na actualidade. Por non falar dos “moitísimos” postos de traballo destruídos desde a chegada do complexo na explotación racional do marisqueo, a pesca de baixura, o turismo e o monte, uns postos de traballo que hai que recuperar e que a Vde. e ao seu partido semellan non interesarlle tanto como os de ENCE e ELNOSA.

Temos que recoñecer que non agardabamos de Vde. posicións diferentes ás manifestadas sobre o tema de ENCE, porque Vde. -e a súa executiva- representa a continuidade da política do PP en Pontevedra, unha política que no tema medio ambiental e no que ao complexo ENCE-ELNOSA se refire, tense demostrado tan obsoleta como o propio complexo industrial; porque, permítame que lle diga, Sr. Domínguez, que non é compatíbel apostar por un modelo de cidade de futuro para Pontevedra, e manter un modelo económico baseado na política industrial do franquismo, un modelo que se ten demostrado fracasado e que ten que ter o inicio da fin no vindeiro día 29 co peche definitivo de ELNOSA. Porque o 29 de xullo próximo, ten que ser o inicio dun futuro de progreso para Pontevedra e a comarca, de progreso ambiental, social e económico, e Vde. e o seu partido, se non mudan de política, seguirán dándolle as costas a ese futuro e á maioría da cidadanía pontevedresa que, con seguridade, seguirá dándolle as costas ao seu partido e apostando por posicións diametralmente opostas ás que Vde. defende.

Reiterando o noso ofrecemento de discutir con Vde. todos os aspectos técnicos recollidos nesta carta, reciba un saúdo da Xunta Directiva da APDR.